

## O FUNDAMENTO TEÓRICO DO DISCURSO ANTINACIONALISTA DE JON JUARISTI

Xavier R. Madriñán\*

Instituto Rosalía de Castro  
Santiago de Compostela

Por iso decidín rexeitar todo o que,  
de cerca ou de lonxe, por boas ou malas razóns,  
faga morrer ou xustifique que se faga morrer.

Albert Camus, *A peste*

Non é moi habitual por estas terras a figura do intelectual *comprometido*, val dicir, da personalidade prestixiosa da ciencia ou da creación artística que se avén a deixar temporalmente a súa cátedra universitaria, o seu estudo, o seu gabinete de traballo ou o seu laboratorio para baixar ó terreo político e manifestar as súas posicíons ante as grandes cuestiós que son obxecto de debate na sociedade. Non se fala aquí da militancia política partidaria, moi respectable e mesmo valiosa para a comunidade, desde logo, pero que presupón unha separación clara entre o plano profesional e o plano da acción política concreta. Referímonos agora a aquela persoa que non só toma postura pública sen abandonar a súa condición de intelectual, senón que, precisamente, aproveita o creto que ten ben gañado no ámbito da súa arte ou da súa carreira para promover ideas que poden ser de interese xeral, para erguerse en defensor dos dereitos básicos das persoas, para advertir das deficiencias do sistema político ou, en

xeral, para contribuír a iluminar os asuntos esenciais que preocupan a unha determinada sociedade. Esta figura do intelectual moderno que participa de modo directo nas preocupacións cidadás e ofrece unha orientación *desinteresada* —en canto non vai ligada á defensa de posicións particulares ou de partido— adoita ligarse a unha tradición nacida na Francia do cambio do século XIX ó XX, cando se expresou de maneira concreta nos acontecementos que constituíron o *affaire Dreyfus*. Segundo as pautas marcadas pola intervención pública de Emile Zola naquel rechamante caso, é o *compromiso*, a *implicación* desprendida en resposta ás demandas da razón e da xustiza, a clave que converte o científico, o literato, o artista, nun *intelectual*, no senso en que aquí se considera o termo (Julliard/Winock).

Non faltan no mundo de hoxe motivos que reclaman unha participación deste teor por parte de quen pode engadir un valor cualificado, clarificador e exemplar

\* Catedrático de Xeografía e Historia

para o resto da sociedade coa súa palabra e coa súa presenza activa no combate contra tantas situacions deinxustiza manifesta. Mesmo nun espazo como a Unión Europea, que se ofrece como a mostra máis acabada dun modelo de vida construído sobre os fundamentos da garantía dos dereitos do ser humano, abundan as realidades que esixen un compromiso de denuncia e de acción. Aínda que en poucos dos países que integran a institución supranacional europea se presenta, como en España, un desafío que de maneira inmediata se convertira en estímulo ineludible para semellante intervención. Pois en ningún outro lugar desta privilexiada rexión de benestar e liberdades que é a Europa occidental se cuestiona a cotío o consenso básico da modernidade, aquel que consagra como valores universais os dereitos inherentes á natureza humana e lles outorga primacía sobre calquera outra circunstancia social, política ou cultural. Máis alá dunha valoración do contexto político, resulta evidente que nunha parte do territorio español hai persoas que padecen graves limitacions nos seus dereitos fundamentais, que deben disimular a súa maneira de pensar en certos ambientes, que ven convertida en decisión heroica a defensa pública das súas opiniós políticas, que viven atemorizados pola presión que sobre eles exercen xentes que os consideran *inimigos* da súa patria... e que, en fin, mesmo teñen ameazada a súa propia vida. Como mostra de tan triste excepcionalidade española en Europa, abonda lembrar a lista do ano 2000 das bolsas de axuda económica que anualmente concede a moi prestixiosa ONG Human Rights Watch a escritores "que

fosen politicamente perseguidos". Entre os vintesete beneficiarios, persoas "exiliadas, encarceradas, torturadas ou acosadas por causa do seu traballo", en medio de xentes de Afganistán, Birmania, Camboxa, Chad, China, Indonesia, Paquistán, Tunicia, Vietnam... aparecen dous españois, o profesor Mikel Azurmendi ("Foi sistematicamente sometido a acoso e ameazas de morte. Despois dun ataque con bomba en agosto de 2000, fuxiu ós Estados Unidos") e a xornalista Carmen Gurruchaga ("tras atopar unha bomba na porta da casa, marchou do seu fogar de sempre en San Sebastián para Madrid"). E non son estes, por desgracia, nin os únicos nin os más indefensos dos que en Euskadi padecen presións intolerables.

Ante semellante mingua nos dereitos do individuo, a resposta debería ser inmediata e contundente por parte da sociedade, certamente, pero tamén, e máis en concreto, por parte deses sectores da intellectualidade que poderían exercer o labor de alerta, concienciación e impulso que adoita amosarse imprescindible en todo proceso de mobilización social. Tarefa urgente que debería resaltar a condición de imprescritibles deses dereitos, lembrando que non admiten relativización ningunha, nin sequera en nome doutros que lle puidesen corresponder a calquera grupo social, comunidade cultural ou ente político colectivo.

Atinado ou non nas súas posturas concretas, afortunado ou non na exposición das súas ideas, calquera que sexa o xuízo que a cadaquén lle mereza a súa posición, este é o marco que parece máis apropiado para achegarse á obra dunha

figura tan polémica no ámbito da opinión pública española como é Jon Juaristi. Profesor universitario de Filoloxía española e director do Instituto Cervantes, hai tempo que decidiu recorrer ó artigo periodístico e á obra ensaística para achegar as súas teses críticas sobre o nacionalismo vasco a un más amplio grupo de lectores. A calidade da súa escrita e o carácter polémico do asunto na sociedade española explican o éxito editorial dunha empresa que merece agradecemento, aínda que só fose, con independencia de compartir os seus xuízos, polos riscos que supón adoptar unha posición de compromiso público antinacionalista en Euskadi. Riscos —incluído o físico— que deitan da especial xenreira que suscita nos antigos camaradas o que ousa abandonar a *igrexa* ideolóxica na que noutrora compartiran militancia.

Despois de facer pública *apostasía* dunha fe que, na súa mocidade, o levara a alistarse na ETA dos primeiros tempos, Juaristi é hoxe unha das figuras máis abrrecibles para o enteiro nacionalismo vasco. Sobre todo, a partir da publicación, en 1997, de *El bucle melancólico*, obra coa que pretendía poñer ó descuberto a inconsistencia intelectual e as insuficiencias éticas do seu discurso ideolóxico etnicista. O éxito daquel traballo, que acadou cifras de vendas sorprendentes nun mercado tan cativo como é o do xénero ensaístico, incluso lles deu nova vida mercantil ós que anos antes o autor dedicara xa a outros aspectos da mesma cuestión: *El linaje de Aitor* (1987), onde se ocupaba da invención no século XIX da narrativa histórico-lendaria que foi configurando a tradición vasca sobre a que erguería a súa doutrina o nacio-

nalismo aranista; e *Vestigios de Babel* (1992), onde rastrexaba desde os inicios da Idade Moderna as relacións que uniron as fabulacións acerca dunha identidade española primitiva e as fantasías do particularismo vasco, que sería presentado durante un longo período, precisamente, como a mellor expresión daquela. Máis adiante, na onda do ensaio que fora o seu grande éxito, continuaría achegándose co mesmo espírito crítico ó nacionalismo e ós procesos de formación da identidade nacionalista vasca. En *El Chimbo Expiatorio* (1999) analizou a configuración identitaria a través da literatura costumista bilbaína de finais do XIX; en *Sacra némesis* (1999) aproximouse ó nacionalismo revolucionario vasco dos últimos trinta anos, a través das historias dalgúns dos *patriotas* oficiantes na terrible ceremonia do sacrificio de sangue que lles parece esixir a redención da patria; en *El bosque imaginario* (2000) deu conta dos lazos que unen os mitos ancestrais das orixes dos pobos europeos cos modernos nacionalismos étnicos, aínda á procura dunha lexitimación política en fantasiadas e interesadas (re)invencións do pasado; en *La tribu atrabilada* (2002), unha mestura de recordos persoais e análise política, segundo o modelo que lle inspira o seu *alter ego* irlandés, Conor Cruise O'Brien, quebra o seu último vínculo co nacionalismo, o que nace da identificación entre nación e familia, culminando un proceso de limpeza mental e de ruptura cos vellos sentimientos da súa primeira mocidade; e, por fin, en *El Reino del Ocaso* (2004), achégase ás primeiras representacións do imaxinario español a través do estudo dalgúns dos mitos medievais das orixes de España, sinalando


a pluralidade da súa configuración e o seu carácter transaccional entre diversas tradicións culturais.

A polémica que acompaña a todas estas obras, completadas con numerosos artigos en xornais e en revistas culturais, pode sorprender nun principio, en tanto se encadran nun xénero literario, o do ensaio, que case nunca adoita traspasar círculos de interese moi limitados. Se Juaristi transcende esas barreiras, débese ós merecementos que a súa obra ten, segundo o xuízo dos seus moitos lectores, pero tamén ó propio estilo combativo que o autor cultiva, á busca de acadar unha eficacia inmediata na comunicación da súa mensaxe. Repercusión que se explica, ademais, polo ben estercado que xa está o campo onde bota a súa semente. A irresolución da *questión vasca* case tres décadas despois da extinción da ditadura franquista e mais o carácter dramático con que tan a miúdo se manifesta foron producindo unha crecente polarización nunha opinión pública na que, como resultado, é frecuente ver as reaccións emocionais ocupar o espazo que debería corresponder a análises políticas más temperadas. Neste ambiente de tensión, aquel sector da sociedade que atopa incomprendible que non coubase un acomodo pacífico das discrepancias políticas nun réxime de democracia xa consolidado amosa unha certa predisposición a recibir con gran contento as teses dun autor que, desde unha posición indiscutiblemente democrática e cun coñecemento da realidade vasca de primeira man, vén confirmar a súa convicción de que a responsabilidade do fracaso recae no campo do nacionalismo vasco, calqueira que sexa a súa acepción.

En boa lóxica, a recepción que se lles brinda ós escritos de Juaristi desde a parte nacionalista é ben diferente. O estímulo e a reacción que nela provocan coinciden na súa intensidade co que senten os que aplauden o noso autor, pero agora o entusiasmo vese substituído por un rexxitamento firme e indignado. Onde aqueles ven un discurso franco, directo e desmitificador, os nacionalistas non atopan máis que un conxunto de falsidades intencionadas, acusacións sen fundamento e manipulacións tendenciosas. Non é estrafío que se sintan fondamente feridos, pois as palabras de Juaristi diríxense xusto contra as esencias dogmáticas do nacionalismo vasco, expresándose, a maiores, nunha linguaxe *irreverente* e desapiadada que se asaña cos *santos* todos do seu sagrado panteón, desde "El Maestro", "El Padre de la Idea" e mais os seus discípulos históricos ata os dirixentes que manteñen acesa a chama do seu legado ideolóxico cen anos despois.

Por demais, a obra de Juaristi non afecta soamente a un sector concreto da *clase política* de Euskadi. De feito, introduce o desacougo moral na enteira sociedade nacionalista vasca, en tanto quebra as asuncións que a boa parte dela lle permitían manter a ilusión da *boa conciencia* de quen se sente inocente, áinda que ó seu arredor se cometan crimes arrepiantes no nome das súas mesmas ideas políticas. A denuncia dos *efectos reais* do discurso nacionalista non violento, mesmo que fosen un subproduto accidental, obriga a quen o formula e mais a quen o apoia a telos sempre presentes, a non desentenderse deles. Nin sequera a condena explícita e contundente da violencia libera da

reflexión sobre a hipotética cota de responsabilidade —aínda que fose mínima e de grao indirecto— polas consecuencias perversas que palabras e opcións perfectamente lexítimas en abstracto poden desencadear nun contexto onde a política resulta ser, para os non nacionalistas, un xogo de vida ou morte.



*As máns do silencio*, de Oswald Guayasamin, 1965. "[...] onde a política resulta ser para os non nacionalistas, un xogo de vida ou morte".

A maiores, parece obrigada unha reavaliación dos vellos clixés acuñados nos últimos anos da ditadura e nos primeiros da transición democrática sobre a figura do *intelectual de esquerdas* e a reconfiguración territorial do Estado. Exemplos como o de Juaristi, co seu pasado antifranquista e o seu compromiso coa democracia, incitan a revisar a antiga dicotomía que viña oponendo uns nacionalismos *periféricos* identificados con *democracia* e *progresismo* fronte a un nacionalismo español tomado por sinónimo de *centralismo* e *reacción política*.

Neste senso, resultan afectadas certas peculiaridades do alinhamento partidario español que poden remontarse a percepcións nacidas da posición do PNV na Guerra Civil e consolidadas despois pola persistencia da ditadura do xeneral Franco durante os case corenta anos seguintes. Como froito da decisión —tras superar certas dúbidas, cómpre dicir— de apoiar coas armas aquel réxime republicano español que aceptaba un estatuto de autonomía para Euskadi, o nacionalismo vasco viuse confirmado como un membro máis do conxunto das forzas políticas democráticas, quedando desligado do ámbito político conservador no que sempre se integrara e, máis en concreto, dos grupos que acadaron o poder en 1939. Como consecuencia, produciuse con posterioridade un escurecemento gradual do feito de que o PNV, a encarnación institucional case exclusiva do nacionalismo vasco durante décadas, foi en toda a súa historia, ata hoxe, un partido claramente encadrado no contorno ideológico das *dereitas*. Tendencia, por certo, ben difícil de corrixir áinda, nun país onde a deturpación presentista da historia mesmo chega a facer do termo *xacobino* un insulto equivalente a *reaccionario* e *centralista*, sen medo, segundo parece, a inverter as adscricións tradicionais e facer dos contrarrevolucionarios e os defensores dos privilexios das élites rexionais na Francia de 1789 os paladíns da liberdade.

Son moitos, polo tanto, os damnificados por uns escritos que non se limitan a criticar os principios doutrinais e mais as actitudes pasadas e presentes dos dirixentes do movemento nacionalista vasco. Escritos que, a maiores, obrigan tamén a reconsiderar a figura do intelectual de esquerdas e a reconfiguración territorial do Estado. Exemplos como o de Juaristi, co seu pasado antifranquista e o seu compromiso coa democracia, incitan a revisar a antiga dicotomía que viña oponendo uns nacionalismos *periféricos* identificados con *democracia* e *progresismo* fronte a un nacionalismo español tomado por sinónimo de *centralismo* e *reacción política*.

rar os supostos sobre os que viña asentando a política española nos últimos trinta anos, desenvolvida segundo unhas pautas que semellaban delimitar cunha clara liña a demarcación entre o *progresista* e o *conservador*. A morea e a intensidade das críticas que recibe a obra de Juaristi parecen constituir a proba concluente da precisión e contundencia dos seus ataques, pero tamén do desasosego que sementou en certos grupos de políticos e intelectuais seguros de atoparse, ata hai ben pouco, comodamente instalados no *lado bo* do escenario político, no dos demócratas *de sempre*, naquel onde viñan convivindo moi a gusto os nacionalismos *periféricos* e mais as posicións de esquerda.

A inquietude que commoveu a moitos destes sectores está abondo xustificada. As descualificacións persoais ó autor, as acusacións de ser este un simple axente ó servizo do nacionalismo español e da "estrategia de confrontamento" do Partido Popular, a interpretación da súa autocrítica en clave de mecanismo psicolóxico de liberación dunha conciencia culpable pola súa antiga pertenza a ETA... non fan senón alimentar os aspectos máis superficiais do debate, en detrimento dunha análise ponderada do miolo do asunto. Pois o certo é que, por baixo da súa retórica más rechamante, latexa a cuestión nuclear que formula Juaristi, a da relación de incompatibilidade que establece entre nacionalismo e democracia. Neste senso, a súa argumentación vai máis alá do ámbito vasco e do marco da política española, tomando como obxectivo o propio carácter democrático da doutrina nacionalista en por si e cuestionando a posibilidade mesma de compaxinala cun réxime político representativo, cun sistema asentado na garantía e na promoción dos dereitos

e liberdades fundamentais dos individuos e dos seus intereses. Cómpre lembrar que, lonxe de estar saldado, como pudo parecer nun tempo en España, semellante debate vén ocupando desde hai anos a atención de boa parte dos estudiosos da ciencia e da filosofía políticas do mundo. E que, desde logo, Juaristi non se atopa en soildade científica nas súas posicións.

Parece conveniente, en consecuencia, facer o intento de transcender os aspectos más escandalosos e aparentes da polémica e establecer unha diferenciación das ideas de fondo de Juaristi respecto do nacionalismo en xeral, co obxectivo de proporcionar unha base consistente que permita discernir o fundamento no que sustenta o seu enteiro discurso sobre as formas particulares en que aquel se manifesta en Euskadi, así como a súa posición sumamente crítica fronte ás actitudes políticas do movemento nacionalista vasco actual.

## A OPCIÓN INICIAL: O PARADIGMA DA MODERNIDADE

As peculiaridades dunha obra na que se mesturan estilos variados —do artigo xornalístico ó traballo académico, pasando pola colaboración en revistas especializadas e, sobre todo, polo xénero ensaístico destinado a públicos amplos— e na que se confunden intereses diversos —do puramente científico ó immediatamente político, a miúdo interrelacionados a mantenta— non impiden a apreciación dunha serie de elementos de continuidade que constitúen o esqueleto arredor do que Juaristi constrúe o seu discurso sobre o nacionalismo. Aínda que non se presenten en ningunha ocasión

baixo a forma dunha exposición sistemática, non resulta demasiado complicado proceder a unha escolma nos seus escritos que permita caracterizar a súa posición ó respecto.

Como advertencia previa, cómpre precisar que as referencias de Juaristi ó nacionalismo están sempre limitadas a unha soa das versións nas que este se pode presentar, que é, loxicamente, a que se corresponde coa realidade vasca na que se centra o seu interese prioritario. Limitación que, por outra parte, tampouco non supón un reducionismo inxustificado que invalide o xuízo que emite sobre o nacionalismo en xeral. É verdade que os estudos teóricos, históricos ou políticos recollen outras variedades específicas, pero tamén o é que a do nacionalismo vasco cadra coa forma concreta coa que se identifican os grupos sociais e os movementos políticos que hoxe no mundo se proclaman a si mesmos como nacionalistas.

Segundo esta concepción, enténdese por nacionalismo a ideoloxía que establece un vínculo directo entre a política e a cultura, no senso de que debe haber unha correspondencia estrita entre as unidades políticas e as unidades culturais. Ou, expresado doutra forma, aquela que afirma que son os criterios de agrupamento étnico-cultural os que deben determinar a propia existencia e os límites das entidades políticas. No plano ideolóxico, a "doutrina nuclear do nacionalismo" (Smith, 1991) consiste na crenza de que os seres humanos se dividen, de modo natural, en nacións, comunidades ligadas por vínculos de orde predominantemente cultural, nas cales se fai residir a orixe do poder político. Na súa plasmación como movemento político, o nacionalismo persegue a realización práctica deste último

principio, é dicir, a consolidación do auto-goberno do grupo así definido en termos étnicos ou, no seu caso, a corrección da situación *antinatural* que suporía a falta da independencia que a cada nación lle correspondería por *dereito*.


As censuras que suscita a categoría do nacionalismo étnico, sen embargo, non proceden de negativa ningunha a recoñecer a existencia presente do tipo de agrupamentos sociais identificados como *nacionais*, que constitúen un elemento indiscutible no escenario político contemporáneo, sexa cal for a valoración que a cadaquén lle merezan. Aceptada a realidade nacional como *feito*, polo tanto, as críticas a esta clase de nacionalismo fundanse nunha consideración ben diferente acerca da natureza e das orixes das nacións.

A contraposición entre un nacionalismo *orgánico* —as nacións entendidas como organismos naturais vivos, compostos por *membros* que soamente teñen plenitude de sentido en tanto forman parte dun conxunto— e un nacionalismo *cívico-político* —as nacións concibidas como formas de asociación política voluntaria, non *dada*, senón creada polos individuos que a conforman— aparece xa desde os mesmos momentos iniciais da doutrina (Kohn). Nas últimas décadas, a tal confrontación conceptual vénse expresando no debate que sosteñen as dúas principais correntes teóricas desde as que os estudiosos se achegan ás categorías de *nación* e de *nacionalismo*, isto é, a do perennialismo e a do modernismo (Smith, 2000), termos que fan referencia expresa a posicíons dispares respecto das orixes das entidades nacionais, pero que implican tamén un entendemento moi desemellante da súa substancia constitutiva.

A primeira orientación analítica, a do perennialismo, atribúe ás nacións, definidas segundo o esquema culturalista citado, un carácter inmemorial na historia, perenne, en canto tales entidades singulares serían as herdeiras de distintos grupos étnicos existentes desde tempos remotos. A continuidade que neste enfoque se establece entre comunidade étnica e nación, imaxinada esta como a versión politizada actual da primeira, adoitá converter os sinais marcadores dessa persistente identidade diferenciada en factores de carácter *primordial*, xa que se considera que son eles os que determinan a propia existencia do grupo como tal e condicionan de maneira *inevitable* o comportamento dos individuos que o componen. En canto tales trazos peculiares configuran os vínculos sociais prioritarios, superiores en significación ós de calquera outro tipo, conclúa a doutrina, o completo desenvolvimento de cada un dos grupos nacionais e as relacións harmoniosas entre eles esixen o reflexo estrito dos sinais identitarios na demarcación dos límites de cada unha das unidades da orde política. O *etnonacionalismo* (Connor), en consecuencia, politiza a dimensión cultural, converte as nacións así concibidas nos suxeitos políticos por excelencia.

Fronte a semellante interpretación de base étnica, o paradigma modernista considera as nacións como entes de natureza puramente política, xurdidas no contexto histórico específico da modernidade, como resultado da vontade dun conxunto de individuos que establecen vínculos entre eles co obxectivo de acadar en común certas metas políticas concretas. Segundo esta interpretación, a nación definese, polo tanto, como unha comunidade territorial de

cidadáns unidos para a satisfacción de determinados intereses políticos, á marxe de calquera condicionamento étnico previo.



Jon Juaristi

Jon Juaristi sitúase, sen dúbida ningunha, no segundo extremo deste eixe teórico que se acaba de expoñer, para o cal, sen negar certas continuidades culturais, apreciables a miúdo na perduración de especificidades étnicas premodernas, as agrupacións nacionais do presente soamente resultan comprensibles dentro do marco da modernidade, en canto son a quebra do sistema tradicional de crenzas e valores, o esvaecemento da vella orde xerárquica social e política e a apertura de novas posibilidades polos medios de comunicación os elementos que configuran o novo contexto no que os individuos poden efectuar a transferencia das súas lealdades primarias a unha entidade de carácter abstracto como a nación (Juaristi, 1992). Unicamente entón lle cabe ó individuo transcender a *patria local*, o horizonte vital da pequena comunidade orgánica, onde todo se caracteriza pola súa inmediatez, e percibirse como parte dunha "comunidade imaxinaria", integrada por xentes

que lle resultan *invisibles* na maioría dos casos, xentes coas que nunca chegará a tratar directamente pero coas que pode albiscar intereses e obxectivos compartidos (Anderson).

Neste sentido, como sostén a explicación modernista, Juaristi liga a aparición do nacionalismo non a unha situación específica de cada comunidade nacional, factor que, en último termo, considera irrelevante para a súa xénese, senón ás condicións xerais creadas polo impacto da modernidade sobre a orde tradicional. E áinda así, non como resposta necesaria para a supervivencia na nova sociedade industrializada, a cal, segundo certas teses funcionalistas encadradas no mesmo paradigma, requiriría unha cultura consolidada a través dun sistema educativo centralizado que soamente pode garantir a disponibilidade dun Estado propio (Gellner). Máis ben, o noso autor inclúese na liña teórica que interpreta o nacemento dos nacionalismos como unha pura reacción de rexeitamento ós efectos destrutivos da modernidade sobre as vellas comunidades, convertidas agora por aqueles en alternativa idealizada ó desacougo do mundo moderno (Juaristi, 1994). Nun momento en que se derrubaban as certezas todas co abateamento da orde social tradicional, cando as novas realidades da sociedade industrializada de masas parecían engulir o individuo, o nacionalismo ofreceulle á xente unha nova comunidade na que se integrar, devolveulle a dignidade persoal ameazada e prometeulle un futuro feliz, onde a orde e os valores restaurados lle garantisen unha seguridade que agora sentía perdida (Mosse).

Pero o debate sobre a calidade constitutiva das nacións e as circunstancias nas

que se orixinan non adquire significado máis que en tanto transcende o marco da argumentación teórica e abre o camiño para a análise das súas consecuencias no escenario da política. Porque é no terreo da práctica onde se manifesta a importancia dunha ideoloxía que se presenta como unha forma concreta de política. Mesmo, aínda que haxa quen inclúa nas tipoloxías unha categoría específica de *nacionalismo cultural*, parece dubidoso que mereza a cualificación de *nacionalista* unha doutrina que non deduza un efecto político da delimitación dun grupo en función de criterios culturais. Por más que a realidade desfavorable obrigue a un nacionalismo incipiente ou de escasa penetración social a limitar temporalmente o seu ámbito de actuación ó plano da cultura, as apariencias non deben ocultar que todo nacionalismo contén, por definición, unha dimensión política consubstancial, aínda que nalgúns casos se manteña temporalmente *aprazada* ou mesmo non se faga explícita, agardando un contexto más propicio para a súa realización. O nacionalismo tan só posúe significado en tanto se ofrece como unha proposta política, como unha fórmula de estructuración do poder, o cal, no mundo contemporáneo, equivale a dicir que o seu obxectivo é o control do Estado, sexa para constituir un específico para a nación, sexa para reformar o xa existente de acordo coas pautas nacionalistas (Breuilly).

Por iso é necesario, como seguiente paso, poñer en relación as ideas de nación mencionadas co tipo de nacionalismo que lles cadría a cada unha delas, val dicir, considerar a plasmación da doutrina como inspiradora da acción dun *movimento político*

tico. Sobre esta base, ademais, pode configurarse un segundo eixe teórico de análise que permite precisar ainda máis a posición de Juaristi sobre o nacionalismo e, en consecuencia, a daqueles que son obxecto das súas críticas. De novo, as diferenzas son fundamentais. Da visión que denominamos *perennialista* deita unha evidente tendencia a *naturalizar* a nación étnica e, como consecuencia, a outorgarlle a máxima prioridade á tarefa do mantemento da súa especificidade cultural, supoñendo que é este o factor que determina a súa propia existencia, e a considerar as demandas de autogoberno dos nacionalistas como un *dereito* que debe ser *recoñecido* no ámbito político. O enfoque que chamamos *modernista*, pola contra, relativiza historicamente as nacións, convérteas en entidades contínxentes e confirelles valor únicamente en canto sirvan ás aspiracións políticas dos individuos que as conforman. Resulta patente a diverxencia dos criterios de actuación política que deitan de assumir unha ou outra forma de concibir as nacións. Para a primeira, non pode caber obxectivo ningún que non remate na aceptación final polos demais concorrentes no escenario político das propostas nacionalistas, en canto estas son simple reflexo das *verdades* dunha orde *natural* que cómpre reafirmar ou restaurar, no caso de estar desvirtuada. Para a segunda, sen embargo, todas as posibilidades permanecen dispoñibles, pois non se contempla condicionante pre-político ningún que limite un proceso, o político, que se define como aberto á transacción e ó compromiso entre opcións diversas en competencia.

Esta nova correlación establecida entre nacións e nacionalismo permite alíñar as

posicións de Juaristi —e dos seus contrarios— seguindo a útil dicotomía que contrapón un modelo de nacionalismo *expresivo* fronte a outro *constructivista*, e que vén corresponderse, en moitos sentidos, cunha versión actualizada da dúas visións clásicas xa citadas (Máiz). Refirese o primeiro a aquela posición que considera o nacionalismo, na súa dobre condición de doutrina e de movemento, como a pura *expresión* dunha nación preexistente, arraigada nunha etnicidade previa, da cal, inevitablemente, abrollará unha demanda organizada que reivindique o Estado que se deduce que lle é propio. Mentre, o segundo modelo considera a nación como o resultado dun proceso de *construcción* que o propio nacionalismo promove. Juaristi, desde logo, está do segundo lado da disxuntiva, en coincidencia coas posicións predominantes hoxe nos círculos de estudio do nacionalismo e das nacións, aquelas que sinalan a modernidade de ambas as dúas categorías, a condición de artefactos construídos social e politicamenete propia das nacións e mais a referencia permanente ó Estado e ó poder que é específica do nacionalismo (Máiz).

Fronte ás rixideces que no ámbito político introduce a postura do nacionalismo étnico e perennialista e o carácter impositivo que, en última instancia, lle é inherente, como doutrina que proclama ser a única verdadeira, a definidora dos patróns que determinan a atribución do carácter de suxeito político, Juaristi sitúase do outro extremo deste segundo nivel de comparanza, o dos que presentan as nacións como o froito dunha elaboración social nunca concluída, en estado permanentemente aberto e en continua recomposición, en función da vontade dos seus membros.

Sobre tal punto de arrinque desenvolve o noso autor un discurso de impugnación do nacionalismo en xeral, coa pretensión (1) de amosar a inconsistencia dos supostos esenciais nos que asenta —un mundo composto de nacións naturais, suxeitos colectivos da soberanía política—, (2) de resaltar a mistificación historicista na que se fundamentan os seus proxectos políticos concretos —a procura de lexitimación política nuns presuntos dereitos históricos— e mais (3) de salientar a problemática compatibilidade democrática da doutrina —en canto a determinación cultural da política supón a existencia dun factor étnico anterior que subordina a capacidade de decisión dos individuos.

### A FALACIA NATURALISTA

Xa quedou patente que, na interpretación de Jon Juaristi, a nación non preexiste ó nacionalismo senón que, precisamente, vén sendo a súa creación histórica e que, nesa condición, forma parte dos entes de natureza continxente e contextual. O nacionalismo, polo tanto, é performativo, val dicir, unha doutrina que crea o seu obxecto —a nación— no mesmo *acto de fala* en que proclama a súa existencia. O cal non impide que se recofleza a posibilidade de discernir grupos étnicos anteriores á aparición dos Estados modernos e ás primeiras formulacións da doutrina. Pero deducir desa comprobación o carácter inmemorial das nacións, atribuíndolle a calidade de formas identitarias colectivas nacidas coa propia historia e unha condición autónoma respecto da sucesión dos acaeceres políticos, é unha pura conclusión especulativa, únicamente coherente dentro da lóxica dun paradigma ideolóxico nacionalista que xa

presupón unha realidade conformada por tal tipo de entidades de agrupamento básicas.

As formas todas de asociación e as múltiples variedades identitarias posibles, de tipo social, cultural, político ou doutra orde, son, en calquera caso, o resultado de procesos de construcción dos propios seres humanos. Ningunha delas se constitúe á marxe da súa vontade. E tampouco ningunha delas, en consecuencia, goza do estatuto privilexiado que lle podería corresponder por ser de substancia *natural* respecto doutras de índole *artificial*. Presentar as identidades étnicas como formas arraigadas na natureza, derivar dese suposto carácter orixinario unha calidade superior á das organizacións estatais existentes —puro artificio que deturparía a realidade prística, natural— e esixir a adaptación das segundas ás primeiras, co obxectivo de recuperar a harmonía primitiva perdida, inscríbese, en palabras de Juaristi, na "falacia naturalista" propia da óptica do nacionalismo, carente en absoluto de fundamentación racional (Juaristi, 1997b). Cualificación de irracionalidade inherente á doutrina e que explica a frecuencia coa que se produce a conversión da nación nun "obxecto terrible", capaz de esixir a morte propia e a do veciño (Juaristi, 1999b). Tal vez porque, segundo conjecturan outros estudosos, únicamente as colectividades non elixidas, aquelas ás que se pertence en virtude de lazos *naturais*, como a xente imaxina a súa familia ou a súa nación, teñen unha auréola de pureza e *desinterese*, da que carecen as que resultan dunha opción individual voluntaria, que lles permite demandar ós seus membros mesmo a vida —a propia e a allea— en sacrificio (Anderson).

## A NEGACIÓN DA HISTORIA

O carácter non racional da doutrina, no senso de se fundar nunha *crença* que, por definición, resulta indemostrable, obriga o nacionalismo a procurar apoios *externos* que ratifiquen a pertinencia dos seus contidos. A mirada cara ó pasado acostuma ser o principal argumento de lexitimación da reivindicación nacionalista, en tanto se presenta como a *proba* principal da existencia da nación desde tempos remotos e mais da xustiza das súas demandas. O recurso á historia enténdese desde a dobre convicción de que é posible describir con exactitude e obxectividade a realidade pasada e mais de que a memoria comunitaria se constitúe ela mesma na evidencia viva da continuidade dos vínculos nacionais. En consecuencia, as demandas políticas da nación adoitan consolidarse en forma de *dereitos históricos*, inextinguibles no tempo, mesmo con independencia das actitudes que sosteñan os membros do grupo nacional en cada momento.


A apelación á forza lexitimadora do pasado tradúcese na elaboración dun relato histórico específico que pretende documentar a existencia da nación como ente diferenciado a través do decurso do tempo e, deste modo, fundamentar as posicións políticas do presente. O papel determinante que a historia desempeña no ideario nacionalista reflíctese, en boa lóxica, na atención preferente que lle outorga Juaristi ó longo da súa enteira obra ó estudio do pasado e das formas en que o nacionalismo adoita representalo. De feito, o eixe central das súas investigacións foi sempre a análise da formación histórica do discurso identitario

nacional a través do estudo de textos literarios de diversa índole, sexan de carácter apoloxético, costumista ou histórico-lendario. En tal senso, na liña da historiografía crítica actual, achégase ó asunto coa perspectiva do que el mesmo denomina *invencionismo* ou xénero *invencionista*, val dicir, da corrente de investigación que describe e descompón os procesos de construcción das identidades nacionais, sinalando a condición retórica do discurso histórico e literario no que asentan (Juaristi, 1997b). En realidade, como mostra da relevancia que lle concede ó desenmascaramento de tales mecanismos de lexitimación, apréciese unha preocupación constante nos seus traballos pola análise das más salientables mitificacións que os europeos construíron acerca da procedencia das súas nacións respectivas. Non se trata só dunha aproximación puramente erudita, que tamén o é. Pola contra, o autor busca sempre amosar a vinculación de tales mitos co presente por medio duns nexos que, ainda que poidan non resultar evidentes de principio, se establecen en todos os casos.

Boa demostración desta metodoxía é a súa forma de tratar os *mitos das orixes* que se foron conformando ó longo da historia europea e o seu empeño en amosar que non constitúen simples artificios literarios gratuitos, senón que a súa condición mítica deita, precisamente, da capacidade que posúen para explicar unha realidade concreta. Os vellos relatos das orixes a penas poden ter creto hoxe, desde logo, unha vez que perderon a funcionalidade desde a que se formularan no seu día, fose esta a da lexitimación dunha dinastía, dunha estruturación social ou dunha determinada con-

cepción do mundo. Sen embargo, alega Juaristi, co nacionalismo, aquelas fantasías adquiriron unha nova utilidade como confirmadoras da antigüidade da nación e mesmo dos estereotipos que se asocian ós supostos caracteres nacionais diferenciados. Incluso hoxe non resulta infrecuente entre os intelectuais nacionalistas concederles a tales fabulacións sobre o pasado o beneficio de supoñerelles un fondo real de verdade. Cando non é que se procede directamente a unha actualización e nova lexitimación dos

vellos relatos, expurgando deles os elementos que a ciencia xa volveu absolutamente incríveis e revestindo o resto coas formalidades requiridas polo traballo académico. O resultado de semellantes procedementos foi a incorporación de moitas das antigas inventivas ó imaginario colectivo da nación baixo a tona dun verniz que lles confire unha nova respectabilidade e que lles outorga unha moderna funcionalidade. A miúdo, por certo, de tales transferencias orixínanse efectos certamente catastróficos,



*Auschwitz*, de Asunción Rantós. Augaforte e texturas.  
"Quizais abonde coa lembranza da construción do mito do arianismo indoeuropeo [...]"

dos que está chea de más a historia contemporánea, e a do século XX en particular. Quizais abonde coa lembranza da construcción do mito do arianismo indoeuropeo para confirmar a vertente más perversa de tal manipulación histórica. Pero tampouco non sobra facer memoria de feitos ben recentes nos que a referencia ó pasado actúa como pretexto de políticas arrepiantes de *limpeza étnica*, xustificadas pola necesidade de facer cadrar coa historia nacional imaxinada unha realidade que se amosa ben más distinta e complexa.

Desde unha óptica democrática, debería resultar inconcible, se non fose polo drama que acostuma acompañalo, o recurso ás especulacións históricas, arqueolóxicas ou prehistóricas como pretendido soporte xustificador de reivindicacións políticas que se queren fundamentar en supostos acontecementos que tiveron lugar centos ou miles de anos atrás. E igual consideración debería merecer o caso no que tales afirmacións puidesen ter unha base científica, quer dicir, mesmo que gozasen de verosimilitude segundo as pautas académicas habituais. Porque hoxe parece evidente que cada relato da historia non é máis que *unha* das múltiples versións posibles do acontecido no pasado. Poucos estudiosos discuten xa que a propia exposición académica dese pasado se ve sempre condicionada polas particulares características da forma narrativa que adopta e mais polo concreto contexto do presente desde o cal se elabora. O nacionalismo, sen embargo, lonxe de relativizar a mirada cara ós tempos pretéritos, segue defendendo a existencia dun *único* pasado real da súa nación, que vén coincidir, claro está, coa interpretación que desde

as súas ringleiras se propón como se fose un dogma histórico.

En realidade, por moita fundamentación historicista que alegue para as súas teses, o discurso nacionalista está constituído sobre unha *negación da historia*. Déixao ben claro Juaristi cando alude á súa visión do pasado da nación, presentada como o relato da presenza dunha "mesmidade inalterable" (Juaristi, 2000): o pasado —perpetuado no presente— redúcese a un esquema idéntico no que a nación propia, sempre igual a si mesma, se enfrenta ó *outro* nun conflito sempiterno. A "*tentación da autoctonía*" que caracteriza o nacionalismo —o mesmo pobo sempre no mesmo chan, homoxéneo, evolucionando en por si, sen contaminarse de influencias externas, ausente calquera mestizaxe— extrae a nación fóra da historia, en canto esta non pode afectar a súa esencia, que permanece inmutable desde a orixe dos tempos (Juaristi, 2000). Xa Unamuno, ese autor tan querido de Juaristi, por outra parte, acuñara no seu día o concepto de *intrahistoria* para designar a *verdadeira* historia dun pobo, aquela que consigna as continuidades fundamentais no tempo, a que discorre por baixo dos cambios no nivel superficial. O ser da nación atravesando o espazo temporal sen verse alterado por procesos esóxenos nin por influencias alleas. Pero por isto mesmo, xustamente, non é historia, que sempre se presenta como o relato do continxente, do que pudo suceder doutro xeito o do que mesmo pudo non ser.

Nestas condicións, fundamentar as reivindicacións políticas en supostos dereitos históricos, consideralos como dedución inexorable da contemplación da realidade

indiscutible da historia e atribuírlles un carácter inextinguible ten que parecer, cando menos, unha impostura intelectual. Juaristi, por demais, non dubida en relacionar eses pretendidos dereitos coas vellas argumentacións do "conservatismo histórico", elaboradas no seu día polo pensamento contrarrevolucionario para defender os privilexios do Antigo Réxime e das que despois deitaría a presentación pola propaganda reaccionaria —e pola nacionalista— dos vellos particularismos como a expresión dos auténticos dereitos *naturais* dos pobos fronte ás novas concepcións modernizadoras do liberalismo (Juaristi, 1987).

## A INCERTA COMPAXINACIÓN DEMOCRÁTICA DO NACIONALISMO

A análise crítica de Juaristi culmina na exclusión do nacionalismo do ámbito das ideoloxías e movementos de cualificación democrática. Semellante diagnóstico faise derivar, en primeiro termo, da propia raíz do nacionalismo, en razón do carácter contraditorio coa democracia que o noso autor aprecia como inherente á súa esencia doutrinal. Pero tamén lle atopa confirmación no exame das relacións históricas de afinidade entre algunas das súas manifestacións e certas ideoloxías radicalmente contrarias ó modelo liberal, así como na valoración negativa que lle merece a propia práctica política de grupos e partidos de confesión nacionalista. En calquera caso, o noso autor considera inevitable que, de modo más ou menos patente, as concrecións históricas todas do nacionalismo reflectan os trazos antitéticos coa democracia que anifian nas propias formulacións doutrinais nas que asentan ideoloxicamente.

## 1. A DETERMINACIÓN CULTURAL DA POLÍTICA

Segundo o anterior esquema interpretativo, a inadecuación do nacionalismo ós requirimentos específicos da democracia provén do condicionamento que, de principio, a propia doutrina establece no ámbito da política, ó considerar as agrupacións de carácter cultural como as unidades sociais básicas e soberanas. A aplicación do *principio de nacionalidade* como criterio de organización territorial do poder implica unha contradición coa norma democrática esencial —asumida como o modelo ideal desde o derrubamento dos réximes absolutistas—, que converte o cidadán no eixe arredor do cal se articula o enteiro sistema político. A atribución ó individuo dunha identidade nacional de base étnica e, como corolario, a esixencia de acomodarse el mesmo a modos de asignación do poder que xa veñen predeterminados por factores que non lle cabe alterar supón unha limitación intolerable para as concepcións liberais, ó afectar o fundamento mesmo sobre o que se ergue a democracia. A determinación cultural da política que é consubstancial ó nacionalismo étnico introduce, pois, un elemento de índole pre-política que coarta a liberdade e a capacidade de decisión do individuo, desde o momento en que exclúe ou relativiza a vontade dos membros que a componen como causa primeira da existencia —e da permanencia como tal— da comunidade política, da propia nación.

## 2. A SUBORDINACIÓN DO INDIVIDUO

Non desdeña Juaristi, por outra parte, o potencial liberador e modernizador que

puido ter o nacionalismo. Sen embargo, sostén que a caracterización étnica da comunidade política desvirtuou o inicial carácter revolucionario que supuxo no seu día a transferencia da soberanía desde o monarca ás nacións afirmada a partir de 1789. A "virtualidade emancipadora" do nacionalismo, deducida da súa atribución do poder político ós pobos, pronto iría esvaecendo, segundo Juaristi, a medida que o novo Estado nacional foi adquirindo os trazos propios das unidades sociais tradicionais que desprazara para constituírse el mesmo, quer dicir, os trazos das comunidades orgánicas que a nación viñera substituír a raíz dos procesos revolucionarios europeos (Juaristi, 1994). O primeiro carácter liberador que caracterizara os movementos nacionais iríase deturpando por efecto da progresiva reificación cultural da nación, concibida esta xa non como agrupación aberta de cidadáns ligados por vínculos de comenencia política e de intereses comúns, senón como unha comunidade homoxénea, sen fracturas substanciais internas, integrada por xentes unidas en función de invariables riscos raciais, lingüísticos ou culturais compartidos, orixe dos lazos sociais primordiais, os cales, ademais, esixían a súa reduplicación no terreo político na forma dun Estado nacional.

Asumindo tales presupostos, enténdese que o nacionalismo non soamente perde todo senso emancipador, senón que, na práctica, tende a se converter en obstáculo para o desenvolvemento progresivo das sociedades e mesmo en ameaza para a consolidación das propias liberdades individuais, en canto estas se ven sometidas a unha relativización que as volve dependentes

dos superiores intereses da nación. Fenómeno que se produce cando a lealdade que a nación lles esixe ós seus propios membros se transforma na referencia prioritaria, pero tamén cando se presentan uns xenéricos dereitos colectivos, asignados á comunidade nacional, en plano de igual consideración que os ben concretos dereitos que lle corresponden a cada un dos seres humanos pola súa mesma natureza. Neste segundo caso, aínda mantendo na apariencia o respecto polos dereitos humanos básicos, sempre pertencentes á orde individual, parece difícil deixar de percibir a desvalorización da persoa que é inseparable dunha doutrina que só lle atopa plenitude de sentido ó individuo cando o contempla como unha das partes integrantes da súa comunidade nacional, que vén ser presentada como o *todo* que lle confire significado ó que, en por si, se entende que é incompleto.

### 3. REDUCTIONISMO POLÍTICO E RADICALIZACIÓN

Das conviccions doutrinais nacionalistas deitan, por forza, unhas actitudes políticas que non poden cadrar cos modos e os comportamentos axeitados a un escenario rexido polas pautas características da democracia liberal. Isto é, as que conciben o espazo político como o ámbito da negociación entre partes e intereses diversos que deben transixir nas súas aspiracións en aras de acadar un necesario compromiso. En realidade, a apelación nacionalista ós elementos non racionais que conforman a súa doutrina esencial volve imposible a consecución dun consenso con outras posicións

políticas diverxentes que pretenda ir máis alá de transaccións mínimas, por canto, en último termo, non cabe impoñer limitacións ó que se considera que ten a calidade dos principios absolutos e ineludibles. Para o nacionalista non é concibible, en consecuencia, negociar a cesión daquilo que se ten por un dereito propio. Do mesmo modo que ningún se imagina unha abdicación parcial do dereito á vida ou á liberdade persoal, a demanda da nación de verse recoñecida politicamente, segundo o dereito ó autogoberno proclamado polos nacionalistas, non pode ser obxecto de amaos nin componendas. Unha renuncia en tal sentido pola súa parte resulta impensable, por canto implicaría ou ben a negación da propia doutrina nacionalista ou ben a admisión da inexistencia da nación mesma. En calquera dos dous casos, o nacionalismo perdería todo o seu significado.

Para unha lóxica que se configura a partir da idea de que as nacións son as unidades significativas en que se divide a Humanidade, a falta de recoñecemento político dunha comunidade nacional soamente pode explicarse polo feito de que *outra* nación lle estea arrebatando unha soberanía que lle corresponde por dereito. Como non resulta coherente ver o nacionalismo aceptando que as súas pretensions sexan infundadas e negándose a si mesmo, a única conclusión posible que pode derivar dunha situación que considera radicalmente inxusta é a proclamación do dereito á resistencia e mesmo á rebelión que lle asiste á nación oprimida contra quen a priva da súa liberdade. Deste xeito, a política, a arte da negociación, tórnase en campo de puro enfrentamento. No canto dun debate entre

individuos, grupos e intereses diversos, expresado na defensa de proposicións políticas sobre as que non hai coincidencia pero que merecen igual condición de lexitimidade, a política vén ser, pola contra, unha "guerra interminable" entre nacións, concibidas como os actores políticos primordiais desde as orixes da historia (Juaristi, 1999b).

Non é posible ocultar a evidente simplificación da realidade política que se produce a partir de semellante visión. O nacionalismo, que adxudica unha identidade nacional a cada ser humano —"como ten un nariz e dúas orellas" (Gellner)— converte *todas* as voces políticas en expresión dos intereses das respectivas nacións: neste escenario político todos falan, por forza, desde algún nacionalismo, sexa o propio ou sexa outro. En último termo, a historia e mais a realidade presente quedan reducidas a unha contenda sen fin entre nacións, a unha sempiterna "guerra de razas" (Juaristi, 2000). Como xa apuntara Foucault, facendo unha enxeñosa inversión do clásico dito de Clausewitz, "a política é a guerra [entre razas] continuada por outros medios" (Foucault). Val dicir, pura táctica que a penas oculta o conflito esencial subxacente, o que confronta e confrontará as nacións entre si ata o momento en que se complete o mapa no que se sobreponen os límites étnicos e os políticos e, así, todas elas vexan establecida a súa soberanía.

Nun mundo no que se asume que, forzosamente, *todos* son nacionalistas a radicalización política resulta inevitable. Dificilmente se pode presentar o debate político como negociación entre posiciones contrapostas cando se representa a realidade como unha loita pola reafirmación ou a recuperación dun dereito irrenunciable e im-

prescribable; cando as proposicións políticas se revisten dun carácter de sacralidade que converte os seus lemas en dogmas indiscutibles; cando un elemento pre-político establece límites insuperables ó poder de decisión dos individuos; cando a apelación ó sentimento substitúe a confrontación racional entre opcións igualmente lexítimas... Nelas circunstancias, o diálogo, o intercambio de concesións para acadar un consenso, en fin, a política mesma, vólvense imposibles.

As liñas identitarias de definición nacionalista delimitan un panorama de contraposición permanente entre *nós* e os *outros* do que non cabe quedar á marxe, no que non teñen lugar as posturas intermedias. As alternativas alleas ó esquema bipolar resultan pronto eliminadas pola presenza dominante dos dous bloques irreductibles que dirimen o conflito esencial, que tenden a ocupar na súa integridade un espazo político de apariencia cada vez máis radicalizada. Os matices característicos propios dun amplo abano partidario tenden a escurecerse e mesmo as restantes opcións ideolóxicas van esvaecéndose sen remedio, depreciadas polo peso esmagador da referencia nacional básica. Incluso perde o seu sentido a tradicional división do espectro político nun alíñamento de esquerda a dereita, subordinado ó que agora se entende como verdadeiramente indicativo, o que se establece arredor do eixe nacionalista. Conservador ou progresista, ó cabio, tanto ten. O que conta é o compromiso coa nación.

#### 4. LIGAZÓNS PERIGOSAS

A simplicidade doutrinal do nacionalismo facilita a aplicación do mesmo tipo de criterios reducionistas á hora de asocialo

con outras ideoloxías ou movementos políticos. Nesta orde, é a *comenencia* da nación, a satisfacción dos seus supostos intereses, a que determina a escolla. Os resultados que permite a "capacidade camaleónica" do nacionalismo (Smith, 1991) son, con moita frecuencia, sorprendentes para unha doutrina que naceu da man da idea revolucionaria da soberanía nacional e que fixou o seu obxectivo na procura da liberdade dos oprimidos. Asociacións inesperadas, como as que chegaron a coligalo cun socialismo que condenaba as divisións nacionais como un puro artificio ó servizo dos intereses de clase da burguesía, demostraron a extraordinaria fortaleza do nacionalismo, capaz de inverter os proxectos dos que pretendean instrumentalizalo aliándose con el, tal como gusta de amosar Juaristi lembrando a relación entre os principais dirixentes da revolta irlandesa antibritánica de 1916, Patrick Pearse e James Connolly, segundo o relato de Conor Cruise O'Brien, a quen o noso autor considera un dos seus mestres e ten como modelo de honradez política (O'Brien). O marxista convencido, Connolly, que pensara aproveitar a capacidade de mobilización popular que lle atribuía á idea nacional que representaba Pearse para impulsar os seus proxectos revolucionarios, viuse engulido inexorablemente pola vertixe nacionalista. Dun modo semellante, por outra parte, ó que despois sucedería coa mesma mestura nos Estados comunistas, cando a solidariedade internacionalista non abondou para coutar rivalidades que se traduciron en ásperas relacións internacionais entre eles e que mesmo chegaron a desencadear enfrentamentos bélicos entre uns países que se dicían irmados polo socialismo.


A pesar de casos como os citados, sen embargo, os exemplos históricos amosan a crecente tendencia do nacionalismo a ligarse con ideas e movementos conservadores ou antidemocráticos. Certamente, a liña liberadora do nacionalismo prolongouse ata xogar un papel determinante nos procesos relacionados coa descolonización na segunda metade do século XX, áinda que hoxe resulte penoso ver os novos réximes xurdidos da emancipación utilizar aquelas mesmas ideas que trouxeran a liberdade a millóns de seres humanos como arma terrible de opresión sobre os seus propios pobos. Pero, en realidade, o nacionalismo emprendera un xiro decididamente conservador xa a finais do século XIX. Como sinala George L. Mosse, un dos autores nos que adoita buscar apoio Juaristi, o nacionalismo e o antiliberalismo constituíronse en ingredientes centrais dos proxectos de dominio dunha dereita radical que, como sucedeu en Francia ou Alemaña, se quixo converter en revolucionaria. O novo estilo político requerido pola incorporación das masas á democracia integrrou a nación nos proxectos de busca dunha "terceira forza" alternativa ó socialismo e ó liberalismo capitalista, abrindo a vía pola que se desenvolvería o fio que, finalmente, conduciu ó fascismo despois da I Guerra Mundial (Mosse). Os movementos de extrema dereita que precederon os fascismos xuntaron sempre ó seu rexitamento do capitalismo e do sistema democrático liberal un virulento nacionalismo de "sangue e terra", ó que converteron no elemento principal do seu discurso de apelación ó pobo. Quizais pareza unha esaxeración de Juaristi cualificar o nacionalismo étnico como "ese novo avatar do totalitarismo" (Milosevich) e mesmo

non cadre co rigor científico e sexa politicamente inxusto o método de atribuir ó *todo* os trazos extremistas que se manifestan só nunha das súas partes, pero tampouco non cabe ocultar o perigoso camiño polo que demasiado a miúdo discorreu o nacionalismo. Cun risco patente para as persoas, desde o momento en que, a semellanza das ideoloxías totalitarias, os dereitos que o liberalismo lles asigna ós individuos concretos son transferidos a unha entidade colectiva de calidade superior, á que aqueles han subordinar os seus intereses e liberdades. A crenza de que, ante todo, é a nación a que debe ser libre, a idea de que o individuo só acada a liberdade el mesmo cando aquela a consegue e pode autorrealizarse por medio dun Estado, leva dentro de si unha semente da que non é difícil que abrollen xermolos totalitarios.

De calquera modo, a relación de compatibilidade entre nacionalismo e democracia non pode saldarse coas tópicas e rituais alusións ó dereito de autodeterminación dos pobos e ós dereitos colectivos, conceptos que soamente funcionan como evidencia desde a visión nacionalista. Contra o que esta sostén, sen embargo, resulta perfectamente posible non considerarse nacionalista de ningunha clase; non constitúe desatino ningún poñer en dúbida a racionalidade de outorgar a lazos tan evanescentes, mudables e prescindibles como os étnico-nacionais a primacía sobre calquera outros que a persoa decida libremente; e, desde logo, cabe negar a pertinencia de establecer ese tipo de vínculos sociais como o fundamento das entidades políticas desde as que os individuos exercen a soberanía.

## 5. ETNICIDADE E CIDADANÍA

Por demais, non se deben dar por concluídas cuestións tan significativas como a reserva exclusiva da aplicación dos dereitos de cidadanía ós membros da propia nación ou a determinación das fronteiras dentro das cales un grupo ten dereitos que a outros se lles negan. Pódese defender, sen reparos de orde intelectual e moral, unha determinada versión do *principio de nacionalidade*, a comenencia de conservar nun mundo democrático as identidades nacionais e mesmo a utilidade dunha especie de *egoísmo nacional*, dun certo particularismo ético que, sen esquecer a perspectiva universalista que nos fai parte da Humanidade, lles dea prioridade ás preocupacións e ás obrigas cara ós connacionais (Miller). Pero sempre coas condicións de non considerar as demandas dos nacionalistas como *derei-*



*Angustia*, de Edward Munch, 1896, xilografía.  
" [...] un grupo ten dereitos que a outros se lles negan."

*tos* que deben ser recoñecidos por todos, de non presentar as súas propostas como as únicas que están ben fundadas e de aceptar que as ideas que argumenten en sentido contrario son tan lexítimas coma as que a súa ideoloxía defende.

Claro que isto semella imposible cun nacionalismo que teima en definirse como étnico. De feito, os esforzos democratizadores que algúns movementos nacionalistas emprenderon hai unhas décadas non conseguiron culminar a tarefa cun éxito total. Fundamentalmente, por unha falta de decisión verdadeira de avanzar por un camiño que, en última instancia, obrigaría a unha enteira reformulación dos seus principios. De maneira que, a pesar de certas aparenncias e mais das protestas deses nacionalistas de empeñarse nun compromiso irreversible coa democracia, o peso da orixe étnica da nación continúa amosándose como unha lousa que non é doadoo remover. Por moitas chamadas que se fagan á vontade popular para *construir a nación "entre todos"*, a definición etnicista da identidade nacional segue negando o seu carácter puramente político, continxente e aberto, a única idea de nación que pode caber en democracia. Máis ben, parece repetirse o xa vello fenómeno da instrumentalización dos valores liberais polo nacionalismo, que adoita apropiarse deles para, despois de asignarllos á nación, en lugar das persoas concretas, volvelos contra todo aquilo que considere un obstáculo para o triunfo dos seus obxectivos. Neste senso, a impostura chega ó asombroso paradoxo de acusar de intolerantes os nacionalistas ós propios liberais, por non asumir estes as crenzas da súa doutrina e non dar satisfacción ós obxectivos do seu movemento (Mosse).

## COROLARIO VASCO

As conclusións que se deducen da aplicación a Euskadi dos presupostos que se acaban de expoñer non poden ser satisfactorias para os nacionalistas vascos. A súa doutrina e as súas organizacións políticas son descualificadas de raíz nos escritos de Juaristi, salvando a penas a honradez duns poucos dirixentes ó longo do último século e a dignidade coa que os *gudaris* da Guerra Civil souberon vivir na derrota. Non é este o lugar para unha análise detallada da visión crítica do profesor vasco sobre o nacionalismo do seu país. Cómpre, con todo, esbozar algúns dos riscos cos que o caracteriza nas súas obras, co simple ánimo de suxerir os puntos básicos que permiten encaixar con coherencia as súas opinións ó respecto dentro da concepción xeral sobre o nacionalismo que lle acabamos de atribuír nas liñas anteriores. Abonda considerar moi brevemente tres elementos centrais da súa representación do nacionalismo vasco: a definición étnica da nación, a fraxilidade da súa fundamentación historicista e a ruindade da práctica política recente dos seus dirixentes.

a) A pretensión de definir o pobo vasco segundo trazos supuestamente obxectivos —raza, lingua, cultura e territorio— volvے impossíbel a consolidación dun nacionalismo cívico-político en Euskadi. Relativamente esquecida a obsesión bioloxista do fundador ante o descrédito en que caeron as referencias raciais despois da derrota do nazismo, foi o diferencialismo cultural, simbolizado pola lingua, o que xustificaría a afirmación de existir unha nación vasca e o conseguinte discurso político nacionalista. Segundo Juaristi, o fondo etnicista é o factor común ás variedades todas nas que se foi manifestando o nacionalismo vasco,

fose o *católico* dos primeiros tempos, fose o *democrático* que despois representaron ANV e PNV, fose o *revolucionario* que más tarde naceu ligado ás ideas marxistas. Cumprido o tempo de cada unha das variantes, as tres conflúen hoxe no nacionalismo étnico, o único presente xa no País Vasco, calquera que sexa a apariencia organizativa que adopte (Juaristi, 1999b). Semeillante concepción do *ser* vasco, conclúe o noso escritor, non pode máis que levar a unha delimitación excluínte da nación, identificada esta plenamente coa comunidade nacionalista: únicamente ten a condición de *vasco* quen se define como tal de acordo cos criterios que o propio nacionalismo establece, desde os culturais ata os políticos. Da aplicación deste esquema, polo tanto, dedúcese que non pode formar parte da nación quen non considera o éuscaro como a súa lingua ou quen non comparte as reivindicacións políticas nacionalistas. A presunción de que en Euskadi se xustapoen dúas comunidades étnicamente diferentes —os vascos e "os de fóra", segundo non teñen reparo en resaltar certos dirixentes nacionalistas— vén significar que áinda perdura a pegada da xenofobia constitutiva do primeiro nacionalismo vasco, que tan ben caracteriza Juaristi como froito dunha resposta reaccionaria diante das secuelas da industrialización, visibles de modo inmediato na instalación masiva de inmigrantes no país. O deplorable racismo *antimaketo* que ensucia os escritos de Sabino Arana áinda pode percibirse de cando en vez, áinda que certamente en forma atenuada, en certas palabras dos nacionalistas que confesan ser moderados e, desde logo, a penas non se oculta nas proclamas dos máis extremistas. Desde Arana, Krutwig, Mirande, Azurmendi, *Txillardegi*... ata os dirixentes actuais, Juaristi amosa

claramente que o esencialismo racial e étnico nunca abandonou de todo o discurso nacionalista. Nin poderá facelo nunca, en tanto que constitúe a substancia ideolóxica que lle dá a vida. ¿Como explicar a teimosía en afirmar a continuidade dun "Pobo Vasco" —así, con maiúsculas de nome propio— desde o Neolítico ata o presente, dun pobo preexistente e exterior á historia, se non é pola presunción bioloxista que incita a formular sen reparo intelectual ningún semellante despropósito e, máis aínda, a convertelo no fundamento dunha proposta política douscentos anos despois da Revolución Francesa e nun país da Unión Europea?

b) O desenmascaramento dos mitos que o nacionalismo presenta como as evidencias que lexitiman as súas demandas é un dos obxectivos principais da obra de Juaristi. Páxina tras páxina, denuncia a falsidade da construcción histórica nacionalista, amosando o seu proceso de elaboración acumulativa, a partir das desatinadas tradicións apócrifas dos apoloxistas dos privilexios vascos e navarros séculos atrás e mais das fantasías fabricadas pola literatura histórico-lendaria composta para a defensa do réxime foral no XIX, material sobre o que os primeiros nacionalistas construíron os mitos históricos que falan da independencia primitiva dos vascos, dos seus pactos coa Coroa, da pureza racial da nación e da súa resistencia irreductible á asimilación (Juaristi, 1987). O sorprendente é que, depurados dos seus aspectos más estrafalarios, tan químéricos relatos configuraron unha especie de narración arquetípica —rebelión, sacrificio, traizón e derrota do pobo, nunha guerra interminable contra *os outros...*— sobre a que se construirían as historias nacionalistas posteriores, presentadas, a maiores, como a última e indiscutible lexitimación do discurso político (Ju-

risti, 1997a). Mesmo o pasado más recente vén ser explicado por fabulacións historicistas deste teor: os carlistas convértense nunha especie de nacionalistas *avant la lettre*; os *fueros* son presentados como a esencia dunha secular democracia vasca e como proba da independencia arrebatada por España; o nacionalismo nunca vacilou na defensa dun sistema democrático; a Guerra Civil non foi máis que o penúltimo episodio da loita milenaria que España sostén contra Euskadi; a era franquista resúmese como invasión militar, resistencia nacional e colonización española... Abonda lembrar a asombrosa explicación nacionalista da situación política do presente como o resultado dun conflito iniciado ¡en 1839!, cando a lei de abolición foral que sucedeu á guerra carlista se supón que privou a nación vasca da súa independencia ancestral.

c) A práctica política dos nacionalistas nos últimos vintecinco anos é obxecto dunha dura desautorización global, que afecta tanto ó nacionalismo radical e terrorista coma ó que, sen diferir nos obxectivos últimos, opta por unha vía de evolución gradual e pacífica cara a eles. A denuncia da violencia, que é, para Juaristi, o trazo definitorio máis significativo da realidade vasca do presente, constitúe o eixe sobre o que se ergue a súa propia posición política. As súas acusacións non van soamente dirixidas contra os asasinos de ETA e os que os apoian de modo explícito, senón tamén contra os partidos nacionalistas que, proclamándose democráticos, contribúen, na súa opinión, a lexitimar o terrorismo por medio dun discurso cheo de ambigüidades e de evasivas que, en último termo, serven para volver comprensible que unha parte da nación se rebele contra quen se lle di que a vén desposuindo dos seus dereitos desde hai séculos.

Aceptar que a violencia é a "expresión dun conflito político", como asume a explicación nacionalista —a dos terroristas, os moderados e a comunidade nacionalista, en xeral— contribúe a lexitimar, aínda que sexa dun modo indirecto e non desexado, o uso político do terror. Como tamén axuda á súa persistencia o comportamento de boa parte da sociedade nacionalista, ben pouco disposita a solidarizarse de modo efectivo cos que padecen a violencia a cotío, mostra dun estado de abdicación moral que se manifesta na actitude dos que a condenan pero non se deciden a compartir publicamente o destino dos seus veciños perseguidos, na retórica perversa dos que a lamentan porque prexudica a estratexia nacionalista de longo alcance, ou no patético silencio dos que non bertran contra a *despersonalización* das vítimas, aquela que lles arrebata a condición humana, como mecanismo psicolóxico para poder asumir sen remorsos o terrible mal que se lles infixe, convertendo os policías en *cans*, os membros dos partidos estatais en *carcereiros* e os non nacionalistas en *españolistas* ou en, simplemente, *os de fóra*...

Denuncia Juaristi a medra dun consentimento social da violencia, do senso de aceptación da discriminación cotía das vítimas que nace da indiferenza da sociedade nacionalista, como o froito esperado da compracencia coa primeira violencia de ETA e da comprensión que no enteiro nacionalismo atoparon os terroristas desde os seu primeiros crimes, da "tolerancia moral" cos asesinos e do "silencio aprobatorio" co que se admitiu o sangue vertido polos que, ó cabio, dicían loitar pola liberación da patria oprimida usando os únicos medios que lles era posible (Juaristi, 1994).

Tampouco o nacionalismo moderado non acepta aínda subordinar as súas aspiracións políticas á fin da violencia, revelando que non está disposto a recoñecer *na práctica* que os dereitos humanos fundamentais deben situarse nun plano moral e político absolutamente superior ó de calquera outro dereito colectivo e que o respecto daqueles constitúe o requisito imprescindible para poder empezar a *facer política*. Ese, sen dúbida ningunha, é o gran pecado moral e político que lles imputa Juaristi ós naciona- listas vascos todos.

Son demasiados os que seguen escoitando as voces espetrais dos mortos pola patria, dos espíritos que reclaman, segundo dicía o irlandés Pearse —el mesmo convertido despois nun deles—, que siga correndo o sangue dos vivos ata acadar a redención da nación e así xustificar o propio martirio. Jon Juaristi confesa que tamén el seguiu un día hipnotizado as súas demandas. Pero hai xa tempo que atende outras voces más humanas. Voces como as que falan por boca dun dos personaxes do gran Albert Camus, o escritor que, conforme transcorre o tempo, aparece como o máis honrado exemplar daqueles intelectuais que se esforzaron en facer compatible a súa arte co compromiso ético: "Teño escoitado tantos razoamentos que estiveron a piques de facerme perder a cabeza e que llela fixeron perder a tantos outros para obrigalos a consentir no asasinato, que cheguei a comprender que as desgracias todas dos homes veñen de non falar cunha linguaxe clara. Entón tomei o partido de falar e obrar claramente para me poñer no bo camiño. [...] Por iso decidín poñerme sempre do lado das víctimas, para limitar o dano" (Camus).

## BIBLIOGRAFÍA

- Anderson, Benedict, *Comunidades imaginadas: Reflexiones sobre el origen y la difusión del nacionalismo*, México, Fondo de Cultura Económica, 1997.
- Breuilly, John, *Nacionalismo y Estado*, Barcelona, Pomares-Corredor, 1990.
- Camus, Albert, *La peste*, París, Gallimard, 1947.
- Connor, Walker, *Etnonacionalismo*, Madrid, Trama editorial, 1998.
- Foucault, Michel, *Genealogía del racismo: De la guerra de razas al racismo de Estado*, Madrid, Las ediciones de la Piqueta, 1992.
- Gellner, Ernest, *Naciones y nacionalismo*, Madrid, Alianza Editorial, 1983.
- Kohn, Hans, *Historia del nacionalismo*, Madrid, Fondo de Cultura Económica, 1984 [1949].
- Julliard, Jacques e Michel Winock (dir.), *Dictionnaire des intellectuels français: les personnes, les lieux, les moments*, París, Du Seuil, 1996.
- Máiz, Ramón, "Nacionalismo y movilización política: un análisis pluridimensional de la construcción de las naciones", en *Zona Abierta*, 79, 1997.
- Milosevich, Mira, *Los tristes y los héroes: Historias de nacionalistas serbios*, Madrid, Espasa Calpe, 2000 (prólogo de Jon Juaristi).
- Miller, David, *Sobre la nacionalidad: Autodeterminación y pluralismo cultural*, Barcelona, Paidós, 1997.
- Mosse, George L., *Masses and Man: Nationalist and Fascist Perceptions of Reality*, Detroit, Wayne State University Press, 1987.
- O'Brien, Conor Cruise, *Voces ancestrales: Religión y nacionalismo en Irlanda*, Madrid, Espasa Calpe, 1999 (prólogo de Jon Juaristi).

Smith, Anthony D., *National Identity*, Londres, Penguin Books, 1991.

Smith, Anthony D., *Nacionalismo y Modernidad: Un estudio crítico de las teorías recientes sobre naciones y nacionalismo*, Madrid, Istmo, 2000.

## JON JUARISTI

*El linaje de Aitor, La invención de la tradición vasca*, Madrid, Taurus, 1987.

*Vestigios de Babel: Para una arqueología de los nacionalismos españoles*, Madrid, Siglo XXI, 1992.

*Auto de Terminación (Raza, nación y violencia en el País Vasco)*, Madrid, El País-Aguilar, 1994 (en colaboración con Juan Aranzadi e Patxo Unzueta).

*El bucle melancólico: Historias de nacionalistas vascos*, Espasa Calpe, Madrid, 1997.

"La invención de la nación: Pequeña historia de un género", en *Claves de razón práctica*, 73, xuño de 1997.

*El Chimbo Expiatorio: La invención de la tradición bilbaina, 1876-1939*, Madrid, Espasa Calpe, 1999.

*Sacra némesis: Nuevas historias de nacionalistas vascos*, Madrid, Espasa Calpe, 1999.

*El bosque imaginario: Genealogías míticas de los pueblos de Europa*, Madrid, Taurus, 2000.

*La tribu atrabilada: El nacionalismo vasco explicado a mi padre*, Madrid, Espasa Calpe, 2002.

*El Reino del Ocaso: España como sueño ancestral*, Madrid, Espasa Calpe, 2004.



Xavier R. MADRIÑÁN: "O fundamento teórico do discurso antinacionalista de Jon Juaristi", *Revista Galega do Ensino*, núm. 43, maio 2004, pp. 63-87.

*Resumo:* As reaccións destemperadas que suscita a obra do profesor e escritor vasco Jon Juaristi sobre o movemento nacionalista de Euskadi constitúen unha das más vivas manifestacións da acritude con que se vén desenvolvendo en España nos últimos anos o debate sobre os nacionalismos periféricos e a estruturación político-territorial do Estado. Por baixo dos tons rechamantes que a miúdo reviste a polémica, cómpre considerar a cuestión nuclear que formula Juaristi, isto é, a da relación de incompatibilidade que establece entre nacionalismo e democracia. Este traballo intenta sistematizar as ideas de fondo de Juaristi respecto do nacionalismo en xeral, co obxectivo de establecer os fundamentos nos que asenta o seu enteiro discurso sobre as formas particulares en que aquel se manifesta en Euskadi.

*Palabras chave:* Jon Juaristi. Movementos nacionalistas. Euskadi. Nacionalismo periférico. Democracia.

*Resumen:* Las reacciones destemperadas que suscita la obra del profesor y escritor vasco Jon Juaristi sobre el movimiento nacionalista de Euskadi constituyen una de las más vivas manifestaciones de la acritud con que se viene desarrollando en España en los últimos años el debate sobre los nacionalismos periféricos y la estructuración político-territorial del Estado. Por debajo de los tonos llamativos que a menudo reviste la polémica, es necesario considerar la cuestión nuclear que formula Juaristi, esto es, la de la relación de incompatibilidad que establece entre nacionalismo y democracia. Este trabajo intenta sistematizar las ideas de fondo de Juaristi respecto del nacionalismo en general, con el objetivo de establecer los fundamentos en los que asienta su entero discurso sobre las formas particulares en que aquel se manifiesta en Euskadi.

*Palabras clave:* Jon Juaristi. Movimientos nacionalistas. Euskadi. Nacionalismo periférico. Democracia.

*Summary:* The various reactions aroused by the work of the Basque professor and writer Jon Juaristi about the nationalist movement in the Basque Country represent one of the most vivid expressions of the harshness of the debate on peripheral nationalisms and the politic-territorial organization of the State held in Spain during the last years. Apart from the generally conspicuous tone of the polemic, it is necessary to consider the nuclear question formulated by Juaristi, that is, the incompatibility between nationalism and democracy. This essay tries to systematize Juaristi's fundamental ideas about nationalism in general, in order to establish the bases of his entire discourse set on the particular ways it displays in the Basque Country.

*Key-words:* Jon Juaristi. Nationalist movements. Basque Country. Peripheral nationalism. Democracy.

—Data de recepción da versión definitiva deste artigo: 14-01-2004.

